








LITERATURA GALEGA MARIDADA



Alumnado de Literatura Galega e sociedade
Equipo de Dinamización Lingüística
IES de Ribadeo Dionisio Gamallo
Ribadeo, 2019



A ninguén lle sorprende a relación entre literatura e a ilustración. Son incontables as obras nas cales os textos literarios se presentan acompañados de imaxes que procuran facer o libro máis atractivo e que mesmo poden ser o reclamo fundamental, como sucede no caso da literatura infantil. Normalmente o texto é anterior á imaxe, que se crea posteriormente a partir do mesmo.

Tamén é frecuente que textos literarios acabasen sendo musicados ou que se utilizasen como base para traballos audiovisuais.

Non é tan habitual, porén, atopar obras nas cales a literatura conviva con outras disciplinas, como pode ser a fotografía, o cómic, o graffiti, a pintura, etc. e moito menos aínda que no proceso de creación os dous elementos compartan protagonismo ou que sexa o texto o que xurda en segundo lugar.

Pero os creadores sempre buscan camiños novos e nos últimos tempos fóronse publicando obras nas cales a literatura comparte vida con outras artes, nunha maridaxe nova, por veces sorprendente.

Velaquí nove exemplos.

*Sempre quixo a terra
sentiuna, traballouna,
sementouna, mancouna*



[Vicente Ansola: *Aldeas sen voz*](#)

Editorial Canela
2017

Textos: Xulia Marqués Valea, Alfonso Láuzara Martínez, Paco Souto Barreiro, Rochi Nóvoa Vázquez, Xosé Iglesias Lamela, María José Fernández López, Iolanda Aldrei, José Estévez López, Miguel Ángel Alonso Diz, Patricia Sánchez Abeal, Miguel Alonso, Marta Pedrosa Agra, Rosa Enríquez, Xosé Manuel Abeledo Castro, Pili Mera, María Soutelo, Ramiro Vidal Alvarinho, Manolo Pipas, Belén Rico Prieto, Pablo Quintana, Alberto Calvín Corredoira, Loli Beloso Neira, Pepe Jordana.

Aldeas sen voz

Vicente Ansola conseguiu reunir unha recopilación de imaxes da Pontenova que, combinadas con textos e poesía provocan no lector un sentimento de achego ás raíces máis fondas da nosa terra.

No libro combínase fotografía, poesía e narrativa. As fotografías reflicten a triste realidade na que se ve sumida Galicia e, ao mesmo tempo, a grandiosa riqueza que temos entre nós e á que cada vez lle damos menos importancia.

Os pequenos recunchos, os animais, a nosa xente maior, a natureza, a tradición, o folclore e un senfín de elementos que fan que o libro plasme mediante a verdadeira identidade dun pobo que nos representa e que non podemos permitir que caia cara ó abismo do olvido.

Vanesa García

Street poems



Neste libro, Fran Alonso amósanos, a través da súa poesía, un mundo que aínda que podemos ver a diario nas nosas rúas: o mundo dos graffittis que na maioría das veces pasa a través de nós, sen decatármonos del.

Cada graffitti vai precedida dun poema cheo de sentimentos cos que o autor intenta abrírnos os ollos para verlles a alma. Estes sentimentos coincidirán ou non cos do graffiteiro, pero non nos deixaran indiferentes.

Despois de ler este libro, cando pasees polas rúas veralos doutro xeito.

Saúl Redondo Lanzós

[Fran Alonso: Street Poems](#)

Ed. Xerais

2018



[Rodríguez Fer, Claudio: *Cinepoemas*](#)

Ouvirmos

2016

Cinepoemas

Este libro conxuga á perfección tres artes diferentes, creando versos a partir de películas que marcaron a vida de Claudio Rodríguez Fer.

Ao longo de 44 poemas viaxamos a través da historia para achegarnos aos grandes mitos do cine. Dende O nacemento dunha nación (1914) do célebre Griffith ata a curtametraxe Mamasunción (1984) do galego Chano Piñeiro, pasando por figuras imprescindibles como Charles Chaplin, John Ford, Alfred Hitchcock ou Luis Buñuel e personaxes inesquecibles como Frankenstein ou Bambi.

O poemario consta ademais dunha recompilación de Cinegramas nos que se alude a iconas do cine mudo, negro ou musical e nos que o autor nos revela a súa correspondencia con Hollywood durante a infancia.

Grazas ao deseño de Cristina Fiaño, esta fermosa edición fai que a persoa lectora se deslice entre as páxinas da obra, recordando tempos pasados do cine ou descubrindo vellas xoias a través das coidadas verbas de Claudio.

Inés Canto González.



[Paco Martín: *De paraugas*](#)

Ed. Xerais, 2016


Fotos: Daniel Puente Bello

De paraugas

A idea do libro orixinouse grazas a unha historia que se lle veu á cabeza ao autor despois de ver pola rúa a un home cun paraugas branco en Madrid. Paco Martín contactou logo con Daniel para que se encargara da realización das fotos que inspirarían os relatos que conforman o libro, e puxéronse mans á obra.

O autor estruturou o libro de forma que ao comezo de cada un dos oito relatos que o forman, aparece unha foto do paraugas como símbolo da historia que se vai empezar a ler. A temática é moi variada e animada; tanto pode ser unha tertulia coma o rugby.

Carmen Fernández González



Carballo. Derrubando muros con pintura

Eis unha fusión anovadora que ha sementar confusión e abraio nos ollos de quen o ler/ver. Si, ler e ver asemade é o que caracteriza esta obra; vencello de artes, ilustracións que inspiran textos. Fórmalo dúas partes: na primeira, as imaxes falan e acompañanas textos; na segunda é o autor quen ten que sentir un texto co gallo de cada fotografía.

Esta obra é inspiradora en moitos sentidos. Estes textos e imaxes poden ser ou non do voso gusto. O importante é o facho aceso que deixa o conxunto para novos ilustradores e escritores que queiran expresarse na rúa e encher o país de literatura e artes gráficas.

O Concello de Carballo foi o artífice deste traballo, pioneiro na literatura galega e con abondo cultivo na literatura europea do último terzo do século XX e nos novos movementos do XXI. Forneceron a artistas urbanos un espazo en que expresarse graficamente na rúa e este é o resultado. Gozádeo.


Gonzalo Fernández Álvarez de Linera

[Varios: Carballo. Derrubando muros con pintura](#)

Engaiolarte
2016

Fotos: Xulio Gil

Textos: Xurxo Chapela, Belén Puñal, Cristina Abelleira, Ferruccio Graña, Henrique Mariño, Ignacio Silva, Patricia Blanco, Rosalía Fernández Rial, Santiago Garrido, Santiago Pazos, Xurxo Borrazás.



[Xela Arias- Xulio Gil: Tigres coma cabalos](#)

Ed. Xerais
1990

Textos: Xela Arias
Fotos: Xulio Gil

Tigres coma cabalos

Escolma de poemas “atados” a fotografías, pois lonxe de ser una simple ilustración que xorde destes, nesta ocasión fotografía e poesía atópanse nivelados constituíndo un todo.


Como explican ao comezo da obra os autores, fotógrafo é poeta elaboraron 24 orixinais en cadanseu medio, a partir dos cales nacen as outras 24 composicións que os complementan. A súa vontade é, no fondo, que o lector sexa quen de atopar relacións entre ambos, transcendendo a historia que agochan.

Nun libro que chama a atención pola ausencia de paxinación, trátanse temas tales como o amor (dun xeito máis optimista do que viña acostumando), a sociedade, o destino...

A pesar das dificultades de comprensión, este libro supón para min unha iniciación na lectura de poesía, xénero que sempre teño un pouco olvidado, descubríndome o que esta pode ofertar e transmitir. Non defrauda en absoluto.

Pablo Vivero Fernández

Os ollos das palabras



[Baldo Ramos- Caxigueiro: *Os ollos das palabras*](#)

Xunta de Galicia

2012

O que os artistas Baldo Ramos e Caxigueiro nos ofrecen neste catálogo é unha verdadeira simbiose entre a imaxe e a palabra, entre a literatura e a arte. Trátase dunha mestura de libros de artista, poemas visuais, cartafolios serigrafados, refractarios lacados, instantáneas e aglomerados... que non pasan inadvertidos ao mundo dos sentidos.

O catálogo recolle dous micropoemarios dos autores. O primeiro deles con versos inéditos e outros de libros anteriores; o segundo, rigorosamente novo. O conxunto complementábase cun curioso poema final a catro mans.

Facerse co catálogo será unha excelente oportunidade para gozar dun proxecto en torno ao libro como contenedor de imáxes, afectos e metáforas; un novo concepto de innovación literaria e unha oportunidade única de coñecer a obra de dous artistas de excelente calidade.

A experiencia artística será inesquecible, deixándovos gratamente sorprendidos.

Antía Iriarte Álvarez

O puño e a letra

O puño e a letra é algo novidoso na nosa literatura, xa que combina banda deseñada e poesía, o que internacionalmente se denomina comic poetry.

Trátase dun conxunto de corenta poemas da autora, ilustrados con outras tantas páxinas dos representantes galegos máis coñecidos no eido da banda deseñada

A lectura do libro fai que abandonemos o mundo real e deixemos voar a imaxinación, igual que fixeron os ilustradores.

Anímate a lelo!

Aicha Rajouani

ANDA, déixame que che diga o bonitA que es, meu rei,
que abuse da túa boca perfilada e febril.

E nós os dous xuntos maquillándonos no baño,
limándonos as unllas,
cepillándonos as melenas.

Non te enfades se che digo *a miña oBscura amiguíta*,
ou se algún home se confunde
e nos chama preciosas.

O teu corpo, fráxil,
(para o meu socaire),
a cintura delicada onde puxen a man.
Os teus labios de boneca.

E así máis concordancia e máis espello.

Yolanda Castaño: *O puño e a letra*

Ed. Xerais, 2019

Ilustradores: Norberto Fernández, Alberto Taracido, Cristian F. Caruncho, Jano, Fran Jaraba, Xulia Pisón, Paula Esteban, Fran Bueno, Xulia Vicente, David Rubín, Miguel Robledo, Manel Cráneo, María Ferreiro, Alicia Jaraba Abellán, Víctor Rivas, Kike J. Díaz, Xosé Tomás, Anxo Cuba, Los Bravú (Dea Gómez & Diego Omil), Yupiyeyo / María Álvarez Hortas, David Pintor, Kiko da Silva, Miguelanxo Prado, Roberta Vázquez, Xan López Domínguez, Siro, Xaquín Marín, Rubén Mariño, Pepe Carreiro, Santy Gutiérrez, Martín Romero, Ramón Trigo, Brais Rodríguez, Miguel Cuba, Cynthia Alonso, Abraldes, Miguel Porto, Dani Xove, Tokio, Fernando Iglesias «Kohell».

Rodar polo mundo,
non sentir muros
nin padecer casa;
habitar no pracer
nun lugar de cincuenta minutos
onde o destino é a viaxe



[Rodríguez Fer, Claudio: A muller sinfonía. Cancioneiro vital.](#)

Ed. Ouvirmos.

2018

A muller sinfonía. Cancioneiro vital

En cada canción que escoitamos e que, dalgún xeito marca a nosa vida, pode haber a semente dun poema. E se a semente agroma teremos, verso a verso, a melodía da nosa vida.

No caso de Claudio Rodríguez Fer, esa melodía titúlase *A muller sinfonía*, un libro composto por ... ducias de poemas nados doutras tantas cancións, tan diversas como diversos son os días que foron quedando atrás na vida do poeta. Desde a infancia á madurez, desde as cantigas populares ó pop, desde a música clásica ó rock, desde as liñas do pentágono ós versos do poema.

Suso Fernández Acevedo

Alumnado de Literatura galega e sociedade
IES de Ribadeo Dionisio Gamallo

Inés Canto González
Gonzalo Frnández Álvarez de Linera
Carmen Fernández González
Vanesa García Fernández
Antía Iriarte Álvarez
Aicha Rajouani
Saúl Redondo Lanzós
Pablo Vivero Fernández
Suso Fernández Acevedo (coordinador)

Ribadeo, 2019

